

A ESTRADA MMXXV



Semana Santa



A ESTRADA MMXXV

Semana Santa



• SAÚDAS •

Páxina 2

• AXENDA •

Páxina 7

• PROCESIÓN •

Páxina 17

• TURISMO RURAL •

Páxina 23

• DON NICOLÁS •

Páxina 24

• CAMIÑO TAVERNEIRO •

Páxina 30

• PILAR GÓMEZ •

Páxina 45

• CÁNDIDO PAZOS •


Páxina 46

• DEIXEMOS •

Páxina 47

• CRUZ SANTA •

Páxina 48



O PRESIDENTE DA CONFRARÍA DA SANTA CRUZ

- SAÚDA -

Comparte o noso Camiño

Queridos irmáns e irmás na fe:

Nestes días previos á Semana Santa, quero dirixirme a tod@s vosotr@s co corazón cheo de emoción e devoción. Esta é unha das épocas máis significativas para a nosa fe, un tempo no que lembramos con profundo respecto e amor o sacrificio de Xesucristo, a súa paixón, morte e resurrección. É un momento para reflexionar, para unírnos como comunidade e para vivir a nosa fe con intensidade e entrega.

A Semana Santa non é só unha tradición; é unha oportunidade para renovar o noso espírito, para camiñar xuntos na fe e para sentírnos parte de algo máis grande que nós mesmos. Cada paso que damos nas procesións, cada oración que elevamos, cada bágoa que brota dos nosos ollos, é un testemuño vivo do noso amor a Cristo e da nosa gratitude polo seu sacrificio.

Por iso, ánimovos a participar activamente nas actividades desta semana Santa. Que as nosas rúas énchanse de fervor, de música, de silencios que falan máis que mil palabras, e dese aroma a incenso que nos transporta ao sacro. Que cada un de nós, desde o noso lugar, contribúa a facer destes días un reflexo da nosa fe e da nosa unión.

Lembrede que non estamos sós neste camiño. Cristo

camiña connosco. Xuntos, formamos unha gran familia unida pola fe e o amor á Santa Cruz. Que este sexa un tempo para fortalecer os nosos lazos, para apoiarnos mutuamente e para compartir a alegría de ser parte activa.

Que o espírito da Semana Santa éncanos de forza, de esperanza e de paz. Que cada un de nós sexa un faro de luz para os demais, levando a mensaxe de amor e redención a todos os que nos rodean. E que, ao final destes días, nos sintamos renovados, co corazón cheo de gratitude e a certeza de que vivimos estes momentos coa intensidade que merecen.

Espérovos a todos cos brazos abertos, dispostos a vivir esta semana Santa coa paixón e a devoción que nos caracteriza como confrades da Santa Cruz. Que Deus nos bendiga a todos e nos guíe neste camiño de fe.

Un abrazo fraternal!!

Nacho Costoya
Presidente da Confraria da Santa Cruz

O PÁRROCO

- NA SEMANA SANTA -

Católicos en Semana Santa. A Estrada 2025

“Para rescatar ao escravo, entregaches ao Fillo”

A historia da salvación é unha historia de Amor.

O ser humano creado a imaxe e semellanza de Deus, dotado coas maiores virtudes e coa liberdade para escoller entre o ben e o mal, a pesar do gran amor con que Deus creouno, escolleu e escolle seguir por camiños contrarios á súa vontade.

Nesta historia de salvación entrecrúzanse os camiños de Deus ofrecendo camiños de graza e o home indo con frecuencia polos seus propios camiños.

Deus establece Alianza (Pacto) co home na persoa de Abrahán “ Serás pai de moitos pobos, e o teu nome será bendición “.

Máis tarde na Pascua (Paso) rescata ao seu pobo da escravitude de Exipto e na Cea Pascual celebra o antecedente da Pascua definitiva que realizará en Cristo.

Con Moisés, unha nova Alianza sela a correspondencia de amor entre Deus e o seu pobo: “Vós sereades o meu pobo e eu serei o voso Deus se cumprides os Mandamentos”.

Deus, a pesar de que o home abandona a Alianza, non deixa de manifestar en múltiples ocasións a súa vontade de perdón e dirá polos profetas do exilio:

“Aínda que os vossos pecados sexan vermellos con escarlata, branquearán como la, por que eu son o Señor”.

E “chegada a plenitude dos tempos” Deus sale de maneira definitiva ao encontro do home na persoa de Xesucristo, o seu Fillo amado. Nel establece a Alianza Definitiva e Eterna. El é o Cordeiro Pascual que derrama o seu sangue no ara da Cruz para liberar ao home da vella escravitude do pecado.

Na súa triunfante resurrección deu plenitude á redención, abrindo á humanidade o camiño da filiación divina e por iso da herdanza celestial.

Tan grande é o Amor de Deus que con razón o pregón pascual pode proclamar solemnemente: “ Para rescatar ao escravo, entregaches ao fillo”.

Así pois, celebrar con fe os misterios da Paixón, morte e resurrección do Señor na semana santa é descubrir a grandeza do Amor de Deus.

José Antonio Ortigueira Barros
Párroco

O ALCALDE

- SAÚDA -



Un dos acontecementos mái agardados pola cristiandade estradense é a festividade de Semana Santa, unha celebración que en poucos días volverá encher as nosas rúas de olor a cirio, de redobres de tambores e da vistosidade e fervor das imaxes relixiosas.

En plena coresma, ás portas, como estamos, da festa de Pascua; é o momento ideal para que todos os devotos e penitentes reforcen o seu sentimento relixioso e gocen dun programa litúrxico no que non faltarán as procesións de Ramos, do Cristo, da Dolorosa ou do Santo Enterro, acompañadas dos actos correspondentes a distintas escenificacións bíblicas.

Pero a Semana Santa é tamén un momento idóneo para gozar da nosa gastronomía e das nosas xentes, de todas as peculiaridades e tesouros que adornan o noso patrimonio arquitectónico e que se espallan por esa ruta do románico que percorre boa parte do noso municipio.

Nese propósito; no de promover a nosa riqueza relixiosa, artística e turística vén traballando, esforzadamente, a confraría da Sta Cruz en perfecta sintonía co párroco D. José Antonio Ortigueira para converter esta senlleira tradición nunha das máis vistosas e concorridas do norte pontevedrés.


Agradecendo todo o esforzo dos confrades, e na esperanza de que as condicións meteorolóxicas nos permitan celebrar os actos previstos, quero convidar a forasteiros e veciñanza a mergullarse nese aliaxe de sabores, olores e sentimentos únicos que caracterizan unha festividade que representa, coma poucas, o máis puro e emotivo das nosas tradicións.

Gonzalo Louzao Dono
Alcalde da Estrada





AXENDA





AXENDA

VENRES

- 4 DE ABRIL -

19.00 h Na **misa de confrades** farase a entrega de medallas e diplomas aos confrades, e aos nenos simpatizantes da Confraría entregaráselles un diploma e un pin conmemorativo.

VENRES DE DORES

- 11 DE ABRIL -

21.00 h Realizarase a celebración na honra da Virxe das Dores. A continuación terá lugar a **Procesión das Dores**.

SÁBADO

- 12 DE ABRIL -

Haberá misa de tarde.

DOMINGO DE RAMOS

- 13 DE ABRIL -

10.00 h Celebraranse a Santa Misa e a Bendición dos Ramos.

12.30 h A **Bendición Solemne de Ramos** realizarase na praza da Farola. Celebrarase a **Procesión de Ramos** e, a continuación, a misa rezada.

20.00 h Tamén se celebrará a misa e a Bendición de Ramos.

LUNS

- 14 DE ABRIL -

Haberá misa de tarde.

MARTES SANTO

- 15 DE ABRIL -

20.00 h Haberá misa rezada.

20.30 h Celebración comunitaria da Penitencia (confesiões).



AXENDA

MÉRCORES SANTO

- 16 DE ABRIL -

20.00 h Haberá misa rezada.

20.30 h Celebración comunitaria da Penitencia (confesións).

XOVES SANTO

- 17 DE ABRIL -

20.00 h **Celebración solemne da Cea do Señor.**

Procesión do Cristo Atado á Columna e da Virxe das Dores despois dos oficios.

23.00 h **Hora Santa** (prolongarase ata as 8.00 h).

VENRES SANTO

- 18 DE ABRIL -

12.00 h Viacrucis solemne.

20.00 h **Celebración solemne da Morte do Señor.**

Procesión do Santo Enterro, coa Confraría da Santa Cruz, despois dos oficios.

SÁBADO SANTO

- 19 DE ABRIL -

Durante a mañá, realizaranse visitas ás persoas enfermas, nas que se lles ofrecerá a comunión (cómpre avisar ao párroco).

23.30 h **Solemne Vixilia Pascual.**

DOMINGO DE PASCUA

- 20 DE ABRIL -

10.00 h Misa rezada.

12.30 h **Celebración solemne da Pascua de Resurrección,** con bautizos.

20.00 h Misa rezada.



AGRADECIMENTOS

DA CONFRARIA ÀS EMPRESAS COLABORADORAS



AGRADECEMENTOS

DA CONFRARÍA ÁS EMPRESAS COLABORADORAS



**HIEZROS
DIEGO**



Alfombristas da Estrada



**CARNICERIA
COTO**
CHARCUTERÍA Y CONGELADOS
desde 1938



Juan Guerra
BAR - PULPERÍA

CHISTE

- ¡Camarero, este plátano está blando!
- Pues dígame que se calle.

 Vedra (A Coruña)

 981 503 054
639 818 025

Vinos del Ulla
y
Barrantes



- ROMERÍAS
- BANQUETES
- 1ª COMUNIONES
- BAUTIZOS

acoe  **MercaNa**
asociación de comerciantes da estrada
centro comercial aberto **ESTRADA**

**Ferretería
San Martín**

Calvo Sotelo, 3
Telf. 655 94 96 62

36680
A Estrada

AGRADECIMENTOS

DA CONFRARÍA ÁS EMPRESAS COLABORADORAS



AGRADECIMENTOS

DA CONFRARÍA ÁS EMPRESAS COLABORADORAS



AUTO
ELECTRICIDAD

OTERO

Electricidad
Pre-ITV · Aire Acondicionado
Servicio Rápido

Avda. de Pontevedra, 111
36680 A Estrada
986 57 14 41



A LACENA DE
CHUCHA
COFFEE&BAKERY

Calpep bebé

Fabricación e diseño propio de roupa de bebé e canastilla



986 59 01 81 · 699 94 58 76 / www.calpepbebe.es
Polígono industrial de Toedo, naves 6/7 - A Estrada



Castro & Longo
Correduría de Seguros

Telf.: 986 59 09 46
castrolongo@castrolongo.com



Telf.: 986 57 50 27

TIKOLANDIA

Alquiler de hinchables



Transporte, montaje, limpieza, desinfección y recogida de hinchables
Descubre todos los modelos disponibles en www.tikolandia.es / Tel. 667 645 026

AGRADECIMENTOS

DA CONFRARIA ÀS EMPRESAS COLABORADORAS

INMOBILIARIA BAMARTI



DE NDE 1990

BAMARTI

PROMOVENDO E CONSTRUINDO

662 173 501 - 678 430 499

AC Aluminios CAMPOS S.L.

C/ Molino, 57 - A Estrada (PO)
T. 986 570 395 | F. 986 584 868
aluminioscampos@aluminioscampos.net
www.aluminioscampos.net

- Turismo -

Rural


R E S T A U R A N T E

Ana M^a Gaiteiro Gúñas



Dosiglesias
(Forcarei)

Telefonos: 606 63 50 82
649 81 38 01

PICÓN - GULIAS

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS

637 77 86 65 | 609 73 29 01

franciscopiconcanabalempresa@gmail.com



PROCESIONES



VENRES DE DORES

- PROCESIÓN -



VENRES DE DORES

- 11 DE ABRIL -

21.00 h Realizarase a celebración en honra da Virxe das Dores e, a continuación, a **Procesión das Dores.**



DOMINGO DE RAMOS

- PROCESIONES -

DOMINGO DE RAMOS

- 13 DE ABRIL -

- 10.00 h Celebraránse a Santa Misa e a Bendición de Ramos.
- 12.30 h A **Bendición Solemne de Ramos** realizarase na praza da Farola. Celebrarase a **Procesión de Ramos** e, a continuación, a misa rezada.
- 20.00 h Tamén se celebrará a misa e a bendición de ramos.



XOVES SANTO

- PROCESIÓN -



XOVES SANTO

- 17 DE ABRIL -

20.00 h **Celebración solemne da Cea do Señor.**

Procesión do Cristo Atado á Columna e da Virxe das Dores despois dos oficios.

23.00 h **Hora Santa** (prolongarase ata as 8.00 h).



VENRES SANTO

- PROCESIÓN -


VENRES SANTO

- 18 DE ABRIL -

12.00 h Viacrucis solemne.


20.00 h **Celebración solemne da Morte do Señor.**

Procesión do Santo Enterro,
coa Confraría da Santa Cruz,
despois dos oficios.





TURISMO RURAL NA ESTRADA



DON NICOLÁS



Don Nicolás, o enxoiro xeneroso

Cando me puxen a escribir este texto tiven a curiosidade de documentarme sobre os personaxes craves que protagonizaron a historia do Arciprestado de Tabeirós desde finais do século XIX. Desde o estradense Ramiro Ciorraga, cóengo da Catedral de Santiago, ata os nosos días co actual párroco da Estrada D. José Antonio Ortigueira.

Ao longo do labor de investigación atopeime cunha serie de datos curiosos que fixeron dar un xiro ao guión deste artigo, se non ao completo si en boa parte do relato.

O caso é que atopei unha forte vinculación das “Terras do Ulla e Tabeirós” coa comarca de Bergantiños e a súa dependencia unha da outra e o intercambio secular de “valores”.

Así como Nogueira de Ramuín é canteira de afiadores, a zona de Bergantiños parece ser unha gran canteira de “artesáns das almas”. Ao longo de case 92 anos os dous párrocos que exerceron a súa misión pastoral na Estrada proviñan da comarca bergantiñá: Don Nicolás Mato Varela párroco da Estrada desde 1912, que naceu en San Martiño de Oca (Coristanco) ... e D. Manuel Castiñeira Rodríguez, destinado á Estrada en 1965, era natural de Rens (Laxe).

Tamén coñecemos o transvasamento do coadxutor de Carballo, D. José Daniel Pérez Espasandín, novo sacerdote destinado ao noso municipio en 2012 e que compatibilizou o seu labor pastoral coa formación de alumnos no Seminario Menor da Asunción de Santiago. En 2017, con 32 anos, foi nomeado párroco de Muros.

DON NICOLÁS

Pero A Estrada tamén “exportou” a Carballo. D. José Manuel García Gondar (1943), estradense natural de Oca, nomeado párroco en 1972 e Arcipreste de Bergantiños.

García Gondar presume de ter bautizado a máis de 7000 nenos e de ser un bo pastor (e non só porque teña unha colección de figuríñas de ovellas nun estante da súa casa). Escribiu un libro; “50 anos dun cura feliz” no que relata unha vida dedicada ao labor apostólica que “repetiría se volveuse ter 20 anos”.

Promotor

Feita esta introdución a modo de preámbulo quero dedicar este artigo, case en modo monográfico, á figura de D. Nicolás Mato, admirado e lembrado cura párroco de A Estrada durante 50 anos.

Aínda que posiblemente moitos de vós xa lestes algo sobre él, cónstame que outros moitos non coñezades algún das pasaxes que ligan a Don Nicolás á historia deste pobo durante algo máis da primeira metade do século XX.

Don Nicolás Mato Varela chegou á Estrada en 1912. O seu labor eclesástico estendeuse ata o seu falecemento, en 1962. O seu paso deixou moi bos recordos na práctica totalidade dos fregueses que lle coñeceron.



Cando chegou á parroquia, atopouse cun proxecto de novo templo cuxas obras se iniciaron en 1895, pero paralizadas en 1908 tras o falecemento de Ciorraga.

Os oficios celebrábanse na “igreja vella”, na confluencia da estrada de Santiago co barrio de O Cruceiro. Don Nicolás era consciente de que o edificio se estaba facendo vello e, por outra banda, estaba a quedarse escaso no aforo ante o crecemento demográfico do pobo.

Por iso dedicou os seus primeiros anos de apostolado na Estrada a xestionar cos distintos alcaldes a continuación das obras do

DON NICOLÁS

novo templo. Contou coa inestimable axuda de dous persoeiros que maior incidencia tiveron na historia da vida da vila na primeira metade do SXX: José Docampo Vázquez “Casagrande” e Melania Nine, presidenta da asociación de “Hijas de María”.



Constante

Ante as críticas por inacción que periodicamente recibía por parte dun sector do pobo, Don Nicolás mostrou múltiples escritos que dirixira ao Ministerio de Gracia ao longo dos anos de paralización debido “á rémora caciquil”, segundo el.

Pola súa orixinalidade, transcribo un fragmento do seu último dirixido ao ministro:

“Esta Villa, Excmo. Señor es capital de partido y de un ayuntamiento rural que pasa de 30.000 habitantes, con cuatro ferias mensuales, muchas de las cuales, por estar dispensadas del descanso dominical, cuadran en domingo, con una concurrencia al templo imposible de contener, que produce dentro, por los apretones,

porción de disputas, hasta el punto de escaparse palabras malsonantes”

Por fin, en 1926 retomárianse as obras do templo parroquial cuxa primeira pedra colocouse en 1898. Ao final a obra foi entregada no ano 1934 e inaugurada e bendicida a Igrexa de San Paio en 1935.

Causas perdidas

En outubro de 1936 foron paseados e asasinados 6 republicanos en “A Ponte do Regueiro”, á saída da Estrada cara a Pontevedra. Ningún deles era estradense, pero grazas ás xestións de Don Nicolás e do xuíz Fermín Bouza Brey, os seus restos puideron ser enterrados no territorio sacro do

DON NICOLÁS

cemiterio de Figueroa, en contra do costume de facelo en fosas comúns procurando non deixar rastro.

Don Nicolás tamén tivo un significado protagonismo en 1937 por un enfrontamento co fiscal que motivou a interrupción do xuízo contra o ex alcalde Puente Fontanes e os concelleiros Ramón Fernández Rico, e José Rodríguez Sangiao ademais doutros veciños da vila.



Don Nicolás desmontou os argumentos do fiscal no xuízo desmentindo moitos dos informes, incluso o do alcalde daquel momento, Pedro Gil Crespo, que os acusaba “de ideoloxía comunista” ou de “rojos separatistas”: Segundo o párroco, o mesmo Puente Fontanes autorizara as procesións, Senén Goldar non era marxista senón secretario do Partido Galeguista da Estrada e varios dos procesados fixeran obras na igrexa parroquial a requirimento do propio Don Nicolás.

O tribunal puxo en coñecemento das autoridades da igrexa esta actitude de Don

Nicolás por estar prohibido defender a todos aqueles acusados de delitos de rebelión. Algúns cargos da administración como Antonio Reino, secretario do concello, e outros civís que achegaran testemuños favorables aos procesados, tamén foron expedientados.

Evidentemente a súa alegación non foi tido en conta e Puente Fontanes, Rodríguez Sangiao e Fernandez Rico foron condenados á morte e fusilados o 6 de xuño de 1937 na Avda. Buenos Aires de Pontevedra xunto aos tamén concelleiros Cándido Talla, José María Pena e Manuel Nogueira.

DON NICOLÁS



Filántropo

En 1947, cando cumpriu as vo-
das de prata do
seu nomeamen-
to como Párro-
co da Estrada os
fregueses reca-
daron, mediante
unha subscrición
popular, a cantida-
de de 250.000
pesetas que en-

tregaron a Don Nicolás como agasallo. Tomou o diñeiro, pero destinouno como achega á construción do altar maior do templo parroquial, que foi inaugurado tres anos máis tarde coincidindo cos 50 anos da súa vida dedicada ao labor sacerdotal.

O espírito filantrópico de Don Nicolás levoulle a sufragar a metade do custo da estatua da Purísima Concepción instalada nas inmediacións do templo parroquial desde 1954.

O custo total da obra ascendía a 60.000 pesetas, pero a recadación entre os fregueses

só alcanzou ata as 30.000. Nunha entrevista para “El Pueblo Gallego” e preguntado sobre o como se poderían financiar as 30.000 pesetas restantes, D. Nicolás respondeu: “Non se se as terei que poñer eu” ... “será o meu testamento para A Estrada”.

Resignado

Nun texto sobre a obra eclesiástica de Don Nicolás, conta Olimpio Arca algunha das anécdotas que lle contaba Luís García (51 anos de “sancristán perenne da igrexa parroquial” ao que lembramos desde a nosa infancia). Especial significación as que tiñan como co - protagonista a José María Reimondez “Roque”, o sepultureiro do cemiterio de Figueroa:

Cando Don Nicolás acabou co oficio dun enterro baixo terra, encargoulle a Roque que lle fixese un plano de onde fora depositado o defunto, e que identificase as sepulturas lindeiras. Roque trazou tres liñas sobre un anaco de papel de saco de cemento e ensinoullo a Don Nicolás.

DON NICOLÁS



- Neste lado non hai ningunha sepultura, nestoutro tampouco.

E sinalando a liña do medio, dixo

- O defunto de onte ... está aquí.

- Moi ben Roque, terei que volver ao cemiterio!

Homenaxeado

En 1950 impúxoselle a primeira Medalla de Ouro

da Vila e no mesmo día o concello solicita ao “Ministerio de Educación y Ciencia” que se lle conceda a “Medalla de Alfonso X El Sabio”. Tamén foi nomeado director honorífico do Colexio Inmaculada Concepción, onde cursamos os nosos primeiros anos de bacharelato os estradenses da última xeración que coñeceu a Don Nicolás... a xeración do “Baby Boom”.

Don Nicolás faleceu con 86 anos de idade o 21 de xaneiro de 1962 con gran duelo por parte dos fregueses. No día do aniversario do seu falecemento descubriuse a lápida sepulcral sobre a súa tumba no pórtico do templo parroquial.

Na súa honra púxoselle nome á rúa que dá acceso ao templo desde a Praza de Galicia e Calvo Sotelo ata a Praza do Doutor Alcolea ou Praza da Inmaculada.

En 2012 e nun emotivo acto institucional a familia de Don Nicolás fixo entrega ao Concello da Estrada de todo o seu fondo bibliográfico.

Texto: Ricardo Terceiro

Fonte: Olimpio Arca, Ana Cela, Rocío García, El Emigrado, El Pueblo Gallego

Fotos: Faro de Vigo, Marisé García, R.T. (Colección)

CAMIÑO TAVERNEIRO

Unha das tarefas máis transcendentais no desenvolvemento dun proxecto é fixar o seu nome. O nome elixido polos promotores para este camiño é singular, pero ten unha razón de peso: honrar a memoria de Ignacio Taverneiro, un peregrino «pobre de solemnidade» falecido na Estrada no ano 1784, durante a viaxe de regreso da súa peregrinación a Compostela.

Os datos históricos reflicten o paso de peregrinos por outras moitas zonas de Galicia. Na actualidade os peregrinos recorren aos medios de transporte modernos para desprazarse ata o punto elixido para iniciar a súa viaxe, pero antigamente isto non pasaba. O camiñante non lle quedaba outro remedio que empezar a andar na porta da súa casa e seguir polos mesmos camiños que usaban outros viaxeiros, comerciantes, arrieiros, cregos, estudantes, enfermos etec.. O seu obxectivo era chegar á tumba do Apóstolo, así que tentaban seguir a ruta máis curta, dando lugar ó paso de peregrinos por outras moitos camiños galegos, ademais dos hoxe xa oficializados como xacobeos.

Sobre esta ruta

En canto ó Camiño de Ignacio Taverneiro, o primeiro que hai que aclarar é que o proxecto de

investigación e promoción non pretende situalo, en ningún aspecto, ó nivel doutros camiños moi consolidados, como poden ser o Francés ou o Portugués Central.

A intención é simplemente documentar e recuperar a historia desta ruta, sexa grande ou cativa, pero da que non hai dúbida de que antigamente tamén foi usada polos peregrinos.

Con isto, queremos que o peregrino se sinta totalmente lexitimado para percorrer esta ruta, ó igual que outros o fixeron antes ca el, a pesar de non estar oficializada nin saír nas guías turísticas profesionais.

Poderíase dicir que, para tod@s ós que colaboramos na investigación e recuperación desta ruta, a situación é similar á de tantos castros que hai polo territorio galego: só un puñado deles teñen a relevancia do de Santa Tegra ou do de Baroña, pero iso non é razón para non investigar, referenciar e coidar ó resto, por moi humildes que sexan.

Esta obra, sobre a que os autores agradecen enormemente o interese do lector, é un traballo de dous peregrinos de a pé, e máis dunha boa récula de colaboradores, e enfocada a camiñantes que

sentan interese por vías secundarias ou menos transitadas.

A intención é darlles a coñecer o percorrido, para que sexa o propio camiñante quen descubra as calzadas e pontes romanas e medievais, igrexas románicas, barrocas e neoclásicas, capelas, cruceiros, petos de ánimas, torres, pazos e casas fidalgas. Paisaxe, gastronomía etc. E disfrute de este legado patrimonial, tanto arqueolóxico como arquitectónico e etnográfico.

Introdución histórica

A investigación sobre este camiño xacobeo nace a comezos deste século, tras a aparición nos libros parroquiais de San Paio de Figueroa (A Estrada) dunha anotación sobre a morte dun peregrino no ano 1784; tratábase de Ignacio Taverneiro, un veciño de Santa Baia de Ponte Caldelas.

“En veinte de octubre de ochenta y cuatro, murió Ignacio Taverneiro marido de Alberta Portela vecinos de Santa Eulalia de Caldelas, recibió todos los Santos Sacramentos, y su cadáver se enterró de caridad con asistencia mía y de mi capellán en la iglesia de San Pelaio de Figueroa, no hizo disposición alguna por ser pobre de solemnidad, que venía de ganar el Jubileo del Año Santo, y para que conste lo firmo”..

Despois de anos de indagacións os datos históricos revelan que esta ruta faciana peregrinos procedentes de Braga e das zonas portuguesas e galegas máis próximas o seu trazado.

O percorrido deste Camiño entre Braga e Salvaterra do Miño xa se tratara, de forma xenérica, en varios congresos de finais do século pasado.

Un exemplo é o *III Encontro sobre os caminhos portugueses a Santiago*, celebrado en Valença do Minho do 21 ó 23 de abril do ano 1995.

Estas son dúas das súas citas:

Relatorio: O río Minho nos encontros com a Galiza de María Luisa Távora:

...el camino más corto en las peregrinaciones desde Braga a Santiago de Compostela. Saliendo de Braga, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Portela do Vez, Merufe, Convento, Mosteiro de S. João de Longos Vales, Moncão, Convento de S. Bento y otros, barca de la travesía a Salvaterra, Fillaboa, ponte romana etc.

Relatorio: Puentes en el Camino Portugués de Dario Isquierdo e María Cuende:

Algunos peregrinos procedentes de Braga, en lugar de dirigirse a Ponte de Lima, irían hacia Ponte da

Barca. Allí cruzaban el mítico Lima por un puente que presenta la esfera armillada de D. Manuel (1495-1521). Está construído en lugar (...)

Después, los peregrinos seguían por la vega del río Vez pasando por Arcos de Valdevez.

Al lado del Miño está Monçao. Allí, el paso del río se hacía y se hace por ahora en barca. En 1844 había por lo menos 6 barcas autorizadas, estratégicamente separadas media legua, de las que tres eran propiedad del Ayuntamiento y las otras tres de particulares que pagaban el correspondiente impuesto municipal.

Na publicación oficial do Xacobeo'99 *Caminhos Portugueses de Perigrinação a Santiago*, publicada no ano 1998 pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, detállanse, nun mapa, as principais rutas de peregrinación que atravesan o norte de Portugal cara Compostela.

A obra, que mostramos nas seguintes imaxes, é do historiador Carlos Alberto Ferreira de Almeida e recolle con claridade a conexión Braga - Monçao - Pontearas.

Ademais dos autores portugueses xa citados tamén houbo outros galegos que recolleron nos seus traballos a existencia desta antiga vía de comunicación. Un exemplo é a destacada historia-

dora Elisa M. Ferreira Priegue, que na súa obra *Los caminos medievales de Galicia* (publicada no ano 1988) especificaba:

"En cuanto a los otros pasos del Miño, es casi seguro que había barcas en Caldelas de Tui y en Porto (Arentey). Otro "porto" importante era el de Salvatierra, frente a la plaza portuguesa de Monçao, a donde llega el camino que procede de Braga por Arcos de Val de Vez."

Os peregrinos, comerciantes e o resto de viaxeiros pasaban a Galicia a través das barcas que cruzaban o río Miño na zona de Monçao (Portugal) ata Salvaterra (España), e están documentadas dende o século XVI. Na década dos oitenta comezou a funcionar un transbordador que era capaz de levar á vez dous autobuses, superando por moito a capacidade da carga das barcas. No ano 1995 xa entrou en uso a ponte actual.

No interior da fortaleza de Salvaterra de Miño, a carón da igrexa, álzase un cruceiro que ten labrada no reverso a Virxe Peregrina, que a ben seguro era uns dos primeiros lugares que visitaban os peregrinos que desembarcaban no peirao. Este cruceiro na actualidade está considerado como o punto de inicio da ruta.

O primeiro tramo que van percorrer os peregrinos ten como base unha calzada romana, ó igual

que en moitos outros lugares,. A pesar de que estas vías foron construídas uns oito séculos antes do descubrimento da tumba do Apóstolo e das primeiras peregrinacións, a súa boa fábrica, unida ó desinterese polas vías de comunicación nos seguintes séculos, fixo que estas continuasen sendo moi usadas.

Sobre este asunto hai numerosos estudos con resultados dispares, polo que recorreremos a un traballo recente dunha entidade de prestixio contrastado:

O proxecto Petrifying Wealth, deseolto polo Centro Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) baixo o financiamento do Consello Europeo de Investigación.

Neste proxecto pódese ver con claridade a existencia dunha calzada romana secundaria que partía de Salvaterra de Miño, pasaba por Ponteareas, Pazos de Borbén e chegaba a Ponte Caldelas.

No libro “Los Caminos de Santiago y la Geografía de Galicia, rutas, paisajes, **comarcas**” escrito por María del Pilar de Torres Luna e publicado pola Xunta de Galicia con motivo do Xacobeo 99, falando dos camiños, recóllese:

“Una derivación de esta ruta iba directamente a la ciudad de Pontevedra a través también de Tui,

Salvaterra de Miño, Ponteareas, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Ponte Caldelas y Cotobade”.

Na obra desta prestixiosa autora establécese una perfecta conexión xacoba de Salvaterra a Cotobade, pero ó chegar a este punto, namais recolle a posibilidade de xirar para atrás e regresar en dirección suroeste ata Pontevedra.

Para seguir o camiño, despois de pasar polo templo dedicado ó Apóstolo en Santiago de Loureiro e chegar a Carballedo (ambos en Cotobade), temos que recorrer á obra doutro autor, non menos recoñecido.

O frade Martín Sarmiento, no seu traballo Viaxe a Galicia, do ano 1745, deixou escrito:

Bajé a ver el puente de Pedre, que está cerca. Es puente sin cal, muy antiguo, de tres ojos. Creo sería el camino de los romanos de Braga a Lugo. En el borde del puente hay letras, y en otra piedra, que cayó en el río, hay otras; pero supe después que las había y así no las vi. Volví después al mismo puente, y me enseñaron en el plano horizontal del borde oriental, las piedras que tenían letras; pero estaban las piedras tan llenas de moho(que llaman en el país gañada) que solo distinguí una M, una V y, creo, una R, y no más; tres o cuatro piedras del borde, que cayeron en el río, y aún se ven desde el puente al poniente, dicen tienen letras.

Esas se leerán mejor pués no tendrán moho y dicen que en verano se podrán sacar con facilidad a tierra.

El puente, como dije, es de fina sillería cuadrada, pero sin señal de cal, y, creo, será romano. Tiene tres ojos circulares, el medio mayor. Este puente es pasaje real, y preciso para pasar de la provincia de Tui a Los Baños y a La Estrada, y distan del puente de tres a tres leguas y media. La dirección del camino hasta el puente, viniendo por la Corredoira, anejo de Carvalledo, es de sur a norte.”

O Padre Sarmiento, ademais de citar a existencia dunha posible calzada romana por este trazado unindo Braga e Lugo, reflicte claramente a conexión viaria desde as zonas de Carballedo e Corredoira (ambas en Cotobade) ata a ponte de Pedre, sobre o río Lérez, e a continuación dun ramal que vai ata A Estrada.

Aquí temos que ter en conta que no século XVIII a provincia de Tui contaba con 38 xurisdicións, 11 coutos redondos, unha cidade que era Tui e 21 vilas, das que hoxe moitas delas son os concellos por onde transcorre o camiño que estamos a investigar: Tui, Salvaterra de Miño, Ponteareas, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. O resto dos concellos por onde atravesa este camiño, pertencían á provincia de Santiago, que contaba con 101 xurisdicións, 20 coutos redondos, unha cidade que

era Santiago e 27 vilas, entre elas: Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade, A Estrada e Teo.

XII) e a representación da Adoración dos Reis Magos coas imaxes enriba das súas monturas (figurando ser peregrinos durante a súa viaxe, como ocorre na igrexa de Santiago de Villafranca do Bierzo, en pleno Camiño Francés) e coa figura do San Xosé mantendo na man dereita unha cabaza de peregrino.

A documentación escrita sobre A Estrada é moi extensa. Entre elas eliximos tres citas ben antigas, todas relacionadas coas peregrinacións, pero sobre asuntos diferentes.

Nun documento do ano 1499 reflíctese a venda dunha vivenda dicindo que está situada ó pé do **camino francés**, denominación usada naquela época para denominar ás rutas de peregrinos.

No ano 1589 debían ser tantos os peregrinos que pasaban por alí que nun testamento da época encargábaselles aos herdeiros que construísen un **albergue** para os peregrinos:

“Cargo y condición que sea obligado ... y agan junto a ella una casa donde se acojan los pobres peregrinos que viniesen en romería al SSeñor Santiago.”

E no ano 1632, nos estatutos da Cofradía de San Roque de Toedo, preocupados polos falecementos de peregrinos na zona, acordan:

“si algún pobre o peregrino se muriere en la dicha feligresía de San Pedro de Toedo, aunque no mande cosa alguna a la dicha cofradía, siendo avisados los vicarios le vayan a buscar para enterrarle y se entierre con los cofrades y cera de la dicha cofradía y se le diga una misa por su ánima”.

Itinerario do camiño. 130 kilómetros.

As etapas e os tramos mostrados nesta guía baséanse nas peregrinacións dun grupo de 100 persoas da parroquia de San Xurxo de Madrid durante o mes de xullo de 2022, 2023 e 2024, e no observado directamente polos autores das indagacións.

O percorrido foi dividido en 9 tramos, duns 14,5 km de media. A escaseza de sitios para durmir é o principal condicionante, polo que cada peregrino ten que adaptar as distancia a percorrer en cada xornada segundo as súas capacidades e preferencias.

ETAPAS

Salvaterra – Pontearreas. 14 Kilómetros

Empezamos este camiño saíndo do cruceiro da Pezgrina, ubicado dentro da fortaleza de Salvaterra.

Despois hai que seguir o curso do río Miño, pasando pola beira do parque A Canuda e seguindo toda a senda peonil. Nuns 2 km chegamos á desembocadura do río Tea, onde temos que xirar á dereita e seguir pola beira deste río, deixándoo sempre á nosa esquerda. En pouco tempo pasamos pola beira da Ponte de Fillaboa e pouco despois polo peto do Muíños Novos. Algo despois do km 11 atopamos a Ponte das Partidas e despois pasamos por debaixo do viaduto da autovía, onde por haber varias posibilidades hai que ter coidado de non desviarse, seguindo pola beira do río tal e como víñamos. Todo este trazado, amplamente salpicado de fermosos lugares, é moi levadoiro, tanto pola abundancia de zonas de sombra como por ir pisan-do sobre a terra dunha senda peonil.

No km 13,6 chegamos a unha pista asfaltada e temos que abandonar a compañía do río Tea. Subindo por esa pista chegamos ó campo de fútbol de Angoares. Na esquina que encontramos ó noso paso temos que xirar á dereita e subir pegados á súa testeira. Despois, tras bordear o parque infantil, veremos un sendeiro de terra á esquerda; se queremos ver os restos do peto de ánimas da Abelleira terémonos que meter por el uns dez metros, e despois desandalos para retomar o camiño.

Un pouco máis adiante chegamos á estrada xeral e temos que seguir por ela xirando á esquerda. En seguida pasamos por un peto de ánimas e

despois, xusto ó rematar a muralla de pedra, hai que xirar á dereita por diante do cruceiro. Esa pista vainos levar ata a igrexa de Angoares e despois ata un cruceiro; ó rebasalo temos que xirar, no cruce, á esquerda e baixar pola pista que se adentra na fraga. Decontado xa chegamos ó casco urbano de Pontearreas e cun pequeno xiro á dereita debemos subir entre os dous edificios. Cando chegemos á seguinte rúa temos que cruzala polo paso de peóns e despois, na esquina do edificio, xirar á dereita por unha calella estreita. A seguinte rúa que atopemos temos que seguila, xirando á esquerda, e xa nos conducirá ata a zona da igrexa de Pontearreas, que é o punto final deste tramo.

Pontearreas- Pazos de Borbén.

16 Kilómetros

Saíndo do casco urbano de Pontearreas atopamos a capela de San Roque e xusto ó lado a ponte dos Remedios, que debemos atravesar. Ó chegar a estrada debemos cruzar polo paso de peóns que hai diante da capela e xirar á dereita, pasando por diante da Fonte da Fama ata chegar de novo á beira do río Tea.

Durante os seguintes 5 km o río Tea vai quedar á nosa dereita, e temos que avanzar por unha xenerosa zona de sombras, perfecta para camiñar.

Pasando o castro da Croa chegamos ás proximidades do cruceiro do Cristo do Piñón, punto no que

debemos abandonar definitivamente o río Tea, seguindo pola pista máis ancha.

No seguinte tramo hai bastantes cruces, pero a ruta que temos que seguir é practicamente recta. Tras 1,5 km por pistas e camiños asfaltados chegamos a un gran castiñeiro con unha fonte de fundición debaixo. Uns metros máis adiante, tras cruzar un regato, temos unha zona de subida, moi fermosa e con chan de terra.

Despois de pasar por debaixo da “ponte” da vivenda, chegamos a unha estrada. Ata aí levamos camiñado 8 km. Temos que cruzala de fronte e seguir polo camiño de terra que sobe pola carballeira. Despois de ver á nosa dereita o centro cultural Irmáns Barcia, xusto ó pasar a primeira vivenda, debemos xirar á dereita pola pista asfaltada e no seguinte cruce, á esquerda.

En 500 m atoparemos, ben plantada nun valo de contención do lugar da Portela, a Cruz do Souto. Un pouco máis adiante hai que abandonar o chan de asfalto, e meterse polo camiño de terra que sae á esquerda.

Ó rematalo hai que seguir de fronte polo asfalto e, no seguinte cruce, coller o camiño de terra da esquerda. Ó topar unha pista asfaltada hai que seguir recto, camiñando primeiro pola fraga, e despois polo camiño asfaltado.

Pasaremos pola beira dun estanque de beber o gando e, uns 400 metros máis adiante, hai que baixar ata a estrada. Aí atoparemos o cruceiro das Cortellas e, de seguido, o peto e a capela de San Francisco.

Xusto diante do templo hai que abandonar a estrada e baixar pola pista asfaltada. Debemos seguila durante uns 800 metros, primeiro baixando e despois de pasar o río, subindo chegamos a unha pequena tenda de comestibles con bar; xusto despois hai que xirar á esquerda dúas veces consecutivas e camiñar por unha zona con bastantes sombras.

Nuns 900 metros chegamos a unha estrada (PO-253), estreita e con bastante tráfico, que teremos que seguir durante uns 700 metros. Á altura dunha caseta do transporte escolar debemos xirar á dereita e subir pola pista asfaltada; na zona alta o vial divídese en dous, sendo o correcto a da esquerda.

Tras un km de percorrido veremos o peto de ánimas de Mosteiro e, dobrando á dereita, temos que ir outros 300 metros pola beira da estrada PO-253 ata chegar a un cruce do que parte outra estrada á dereita; nel nós debemos continuar pola pista máis pequena, que sae xusto de fronte. Nuns 400 metros avistaremos un cruceiro e, xusto despois a igrexa de Santiago de Borbén e un peto de ánimas.

No remate desa pista hai que virar dúas veces á dereita e subir ata as inmediacións do campo da festa e da casa reitoral. Na parte traseira hai un sendeiro que baixa polo medio da carballeira por el se atopa a Fonte das Duas Caras. Despois do manantial baixa pola carballeira seguindo o sendeiro. Chegarás a estrada asfaltada e terás que subir por ela uns 450 metros. Camiña uns 950 metros por pistas asfaltadas, cruza a estrada e xira á esquerda para chegar a igrexa de Santa María.

Logo do santuario hai que seguir o viacrucis, abandonando o asfalto e pasando xusto pola beira do pau da luz. Nese tramo de terra vas ver un desvío, nel xira á dereita polo medio das edificacións e á altura do peto de ánimas xira á dereita cara á zona céntrica de Pazos de Borbén.

Pazos de Borbén – Ponte Caldelas. 20 kilómetros

Despois do cruceiro que falamos no remate do tramo anterior hai que meterse pola estrada indicada como “Ermida 3” e “Asociación Aspavi”, e camiñar por ela 1,1 km. Despois dunha curva á esquerda hai que abandoar a estrada e meterse polo camiño que baixa á esquerda.

Cando leves camiñados 240 metros vas pasar pola beira da primeira cruz e ós 480 m pola da segunda cruz. Despois vas chegar a un regato que vas sal-

var cruzando unha pequena ponte de pedra. Xusto despois da ponte vira á esquerda e pasa pola beira da terceira cruz.

A partir desa cruz hai uns 3 km de subida que te van levar dende os 240 ata os 394 metros de altitude. Ao chegar ás primeiras casas da Ermida cruza a estrada e segue de fronte ata ver a capela da Anunciación. Deixa o templo á túa dereita e segue subindo. Primeiro verás un cruceiro á túa dereita e despois chegarás a unha estrada; segue por ela 50 metros e despois sube polo camiño que sae á esquerda.

Ó rebasar a curva que hai despois da “Fonte dos Nenos” tes que meterte polo camiño que sae á dereita. A 400 metros tes que coller un desvío á esquerda e 200 m despois outro igual.

O camiño pasa de ir por un chan de terra a un con grandes afloramentos graníticos e, un pouco máis adiante, comeza a baixada cara a zona das casas de Moscoso.

Polo medio das vivendas vas chegar a un cruceiro. O camiño segue á esquerda, pero se te queres acercar ata o bar tes que ir á dereita ata a zona da igrexa.

O camiño pasa por outro cruceiro e abandoa a zona de vivendas seguindo unha pista asfaltada que

te vai levar pola beira doutro cruceiro. Nel segue de fronte e no cruce que hai a 400 metros xira primeiro á esquerda e despois á dereita.

Aí xa estás en terreos do concello de Fornelos de Montes e vas chegar a outra zona de vivendas, pasando por outro cruceiro e unha cruz alta chantada nun outeiro. Ó fondo vas ver a torre da igrexa da Calvos e tes que ir cara ela.

Nas inmediacións do templo está o bar e, de seguido, un cruceiro. Aí xira á esquerda e baixa pola pista asfaltada ata que vexas un lavadouro cun tellado. 15 metros antes deste lavadouro tes que meterte pola congostra da esquerda. Ao chegar á estrada segue ata ver outro lavadouro; nel xira á dereita e despois sube polo camiño da esquerda.

Ó pasar o cruceiro segue pola dereita ata chegar de novo á estrada asfaltada e despois segue este vial durante 1,4 km ata atravesar a presa do encoro de Eiras. Aí estás a 234 metros de altitude e, nos seguintes 3,6 km, vas ter que ascender ata os 476. Todo este percorrido, mentres non se logren recuperar varios tramos do camiño vello, hai que facelos seguindo esa estrada asfaltada.

A 1,2 km do encoro, indo por unha zona con moitas sombras, vas atopar ó peto de ánimas de Barbudo. Uns 200 metros máis adiante está o bar, e xusto encima a igrexa parroquial (non a incluímos

neste listado, pero indo con tempo é interesante subir ata ela para darlle unha ollada ó calvario que hai no recinto).

Seguindo outros 500 m por esa estrada chégase á cima da costa. Despois imos encontrar dúas curvas seguidas á esquerda e, tras outra á dereita, ó final da recta hai que baixar polo camiño de terra da dereita. Deseguida chegarás ás casas de Rebordelo e tes que deixar o peto de ánimas á túa esquerda. Despois de 150 metros tes que ir pola esquerda e 100 metros máis alá, pola dereita.

Ó irse rematando as vivendas xa só che queda un xiro á esquerda e, nun intre, voltarás a estar na estrada. Vira por ela á dereita e segue 650 metros, ata ver, ó final da recta, unha pista que baixa cara unhas vivendas. Ese é o núcleo de Covelo, no cruce xira á dereita e despois segue baixando todo de fronte ata rematar as casas. Na zona inferior, despois de dúas viraxes, vas chegar á estrada xeral, crúzaa e segue o sinal que pon “2 Pontecaldelas (Balneario)”, baixando, sen abandonar ese vial, ata o río Verdugo.

Un pouco antes dos edificios vas ver, pegada ó río, a capela de San Roque, e seguindo despois polo vistoso paseo fluvial xa chegas ó centro de Ponte Caldelas.

Ponte Caldelas – Carballedo. 13 kilómetros

A saída de Ponte Caldelas faise polo lateral do Edificio do concello. En 200 metros chégase ó cruceiro do Pombal e hai que xirar á esquerda, seguindo pola pista asfaltada. Primeiro vas ir por un tramo ascendente e, tras bordear o cemiterio, descenderás uns metros para logo volver a subir, e chegas á zona da igrexa.

Xusto ó pasar o templo vaste atopar coa estrada, aí tes que xirar á esquerda e seguir o seu trazado ascendente. Este vial é estreito e debes ir con precaución. Tras 1,1 km vas ver unha plantación de eucaliptos, un camiño de terra que sae á esquerda, segueo baixando por el. A partir de aí tes uns 5 kilómetros por pistas de terra e polo monte.

No fondo do primeiro descenso vas atopar un regato, crúzao e deseguido, xira polo camiño que sae a dereita. Para guiarte nos seguinte kilómetro, basta con ir sempre polo camiño máis ancho. Despois vas desembocar, perpendicularmente nunha pista, nela vira a dereita, atravesa a estrada e segue de fronte durante 250 metros. Tras un tramo de eucaliptos vas ver a tua dereita un cercado sen árbores. Xusto o rematalo tes que xirar seguindo o camiño que sae á esquerda. En 200 metros atravesarás unha pista asfaltada, tras un xiro a escuadro a esquerda en 400 metros atoparas unha pista ancha con chan de terra, xira a dereita e camiña por ela.

Aos 2,5 kilómetros, despois de unha curva a esquerda nun tramo de subida, tes que abandonar esa pista e meterte por unha que sae xirando pronunciadamente a dereita. Se chegas a un alto dende o que se ve o mar, quere decir que pasaches o cruce, e teras que voltar uns 700 metros cara atrás.

Seguindo esa pista, aos 400 metros, vas atopar un gran poste metálico do tendido eléctrico, situado nun cruzamento; xira a esquerda, e segue esa pista durante 850 metros, ata chegar a outro cruzamento cunha plantación de piñeiros de fronte e tres saídas. Aí xira polo primeiro da dereita e comenza a baixar. Aos 230 metros vas pasar pola beira de unha vivenda, segue baixando e 70 metros despois xira a esquerda, seguindo o camiño esfaltado ata chegar a unha estrada; nesta xira á esquerda e tras completar a primeira curva m métete polo camiño asfaltado da esquerda. Nuns metros pasarás por un cruceiro e a continuación polo medio das vivendas, chegarás a igrexa de Santiago de Loureiro.

Despois do templo tes que subir polo camiño de terra que se mete entre as árbores, disfrutando duns dos tramos mais fermosos desta ruta. En 200 metros pasarás pola beira dunha vivenda abandonada e despois pola zona alta do antigo núcleo de Arufe. Uns 400 metros despois tes que xirar polo camiño que baixa a esquerda ata o seu remate a beira de dunha nave de tellado verde, destinada a garaxe, aí xira de novo a esquerda e segue baixan-

do ata chegar a estrada e cruzar o río Alfofroi. O pasar a ponte sube polo camiño de cemento da dereita, cruza a estrada xeral polo paso de peóns e xa estás no núcleo de Carballedo (Cotobade).

Carballedo – Pedre. 12 kilómetros

O núcleo de Carballedo hai que abandonalo pasando pola beira da capela de San Roque. Tras o santuario tes que xirar á dereita en dúas ocasións e, antes de rematar a baixada, meterte polo camiño de terra que sae á esquerda. Ó seu remate vas atopar unha pista asfaltada, súa cara á dereita e despois, no seguinte cruce, xira á esquerda; cruza a estrada e segue de fronte ata chegar á cima do núcleo de casas.

Na derradeira vivenda xira á dereita e despois segue polo camiño da esquerda, subindo cara á cima do monte. Esa é unha zona con varios sendeiros difíciles de distinguir entre si e con varias opcións válidas, pero debes continuar sempre cara a zona alta ata chegar a unha estrada.

Cando chegues a ese vial vas levar camiñados uns 2,3 km, e tes que seguilo xirando por el á dereita. Mentres non se logren recuperar varios tramos dos camiños vellos, que están cheos de maleza, hai que ir case 3,5 km compartindo trazado cos coches. Apenas ten tráfico, pero debemos extremar as precaucións.

O Chegar a corredoira e pasar o igrexa de San Gregorio, voltamos aos camiños de terra, tes que seguir todo de fronte. Primeiro, hai 500 metros dun camiño vello que conserva bastante das antigas lousas. Despois no tramo entre as vivendas, temos que ir 200 metros polo asfalto e xa enlazamos cun tramo de 5 kilómetros, todo pola terra. O pasar o derradeira casa chegamos a unha cancela se está pechada, tras pasar debemos ter coidado de deixala outra vez como estaba, para que non escape o gando. Despois da citada cancela tes dous cruces, nos que debes optar por ir pola esquerda e, a uns 2,5 kilómetros, xusto despois dunha curva á dereita, tes que apartarte da vía ancha e baixar para o camiño da esquerda.

Os serpenteos do trazado vente levar sempre costa abaixo, primeiro polas inmediacións do antigo campo de fútbol e despois, tras unha longa curva a dereita, ata a parte alta da aldea. Aí empeza o chan asfaltado e tes que seguir, entre as casas, ata ver un cruceiro pegado a un hórreo. Baixa pola súa beira e tras pasar a fonte, vas poder atravesar a estrada que une Pontevedra e Ourense con total seguridade, mediante unha pasarela elevada.

Logo segue todo de fronte, cruzando polo paso de peóns e pasando ó lado do peto de ánimas, ata chegar a igrexa de Pedre.

Pedre – Codeseda. 13 kilómetros

Despois da igrexa de Pedre tes que deixar á túa esquerda o cruceiro e a eira dos hórreos, continuando de fronte ata alcanzar outro cruceiro; aí remata a zona de vivendas e poderás desfrutar baixando por un tramo de 500 m de camiño vello rodeado de impresionantes carballos.

No punto máis baixo encontraremos a ponte de Pedre, que nos vai permitir atravesar cómodamente o río Lérez.

Despois atopamos un tramo recto dunha calzada empedrada e, no seu remate, temos que xirar á dereita pola pista de terra, seguindo uns 400 metros ata chegar á estrada de Serrapio. Aquí hai que seguir pola estrada que se ve de fronte, pero é moi recomendable xirar antes á esquerda e subir á zona da capela de San Lourenzo.

Como aínda non se deron recuperado os tramos de camiño vello, nesta zona hai que subir 1,6 km por esa estrada que vimos de fronte, ata chegar a unha parada de autobús e unha fonte. A capela de Santa Teresa (Bugarín) queda á beira do camiño vello pero, ata que este se recupere, para visitar o templo hai que xirar á dereita e baixar 300 metros.

Uns 50 metros despois da parada do bus debemos subir pola pista asfaltada, que sae á esquerda, e

chegar ata a capela da Concepción e San Benito (Vilarchán). Despois hai que baixar pola pista asfaltada ata a estrada, pola que debemos seguir de fronte 500 metros, ata unha curva á esquerda, xusto antes do sinal “EP-7102 Km 3”. Aí temos que meternos polo sendeiro de terra que sae á dereita e, tras pasar as primeiras casas, chegamos á capela de San Xosé. Pasando o santuario chegamos a unha zona urbanizada con beirarrúas que debemos seguir, xirando á dereita, durante uns 850 metros.

Xusto ó pasar o bar temos que xirar á esquerda e subir pola pista máis ancha ata a igrexa de Santo Tomé, para continuar despois pola pista que pasa debaixo dela. No seguinte cruce debemos xirar á esquerda e seguir 500 metros pola estrada asfaltada, ata chegar ó cruceiro e oratorio de Tresaldeas. Ata aí levamos camiñados 7,2 km dende Pedre.

A partir dese cruceiro hai que subir entre as casas do lateral esquerdo, abandonando o asfalto, chan que non volveremos a pisar ata dentro duns 4,3 km. Aí estamos a uns 422 metros de altitude e quedáanos unha longa subida, que nos elevará ata os 582, mais faise cómoda de andar pola fermosura da zona e xenerosidade de sombras.

Nesta zona atoparémonos con dúas cancelas para as bestas da Rapa de Sabucedo, que debemos deixar pechadas despois de pasar. É frecuente que anden por aí varios cans de raza mastín; a súa mi-

sión é gardar os rebaños de cabras que andan pola zona. Están afeitos a ver pasar xente e o único perigo do que se ten constancia é a posibilidade de que porten parasitos, sobre todo pulgas ou carra-chos. Por iso, aínda que sexan moi cariñosos, non recomendamos en ningún caso, tocalos.

Seiscentos metros despois da primeira cancela imos chegar a un cruzamento; nel debemos seguir de fronte e seguir subindo outros 350 m ata ver un cercado con un paso canadiense. A partir de aí empeza o descenso e, deixando o paso á nosa dereita, debemos continuar polo camiño que vai de fronte pola beira do valo. Ó chegar ó regato temos que cruzalo e, sen gañar altura, seguir o trazado máis ancho.

Esta é unha paraxe con bastante auga. No caso de ir en temporada de chuvias recoméndase que, se o camiño está inundado, se ascenda pola ladeira esquerda uns 50 metros e, despois sobrepassar os charcos, se volte a baixar ó trazado. Máis adiante atoparemos outra cancela e un paso canadiense; dende aí xa se empeza a ver o val do río Umia e, se o día está despexado, tamén Compostela.

Temos que seguir baixando, sempre pola pista de terra máis ancha, durante 500 metros e nunha curva á esquerda abandonar ese vial e meternos polo sendeiro que sae á dereita.

Ascenderemos uns metros e despois xa estaremos baixando de novo. A ruta orixinal ía polo medio das vivendas das Quintas pero, debido á gran cantidade de ortigas e mato que hai no camiño do Vieiro, agora o paso faise pola zona da ferverza do regueiro das Quintas, un lugar de considerable encanto e cheo de sombras.

Despois da carballeira debemos baixar uns 300 metros pola pista de grava. Nese punto veremos a parte alta do camiño do Vieiro á nosa esquerda, e nós debemos seguilo á dereita, atravesando a ponte do Castelo.

Ó chegar á estrada hai que seguir por ela uns 350 metros; e ó pasar todas as vivendas, subir pola pista de grava que hai á nosa dereita. No seguinte ramal hai que xirar á esquerda e, en 400 metros, xa estaremos na carballeira da igrexa de Codeseda.

Aquí o camiño enlaza co Camiño de Geira e dos Arrieiros, recoñecido pola Igrexa de Compostela no ano 2019 como camiño xacobeo, e está a espera de que sea recoñecida pola Xunta de Galicia.

Segue o camiño, pola parte baixa de Nigoi cara a Consolación e Tabieros, Guimarei e A Estrada

O nome desta poboación foi posto polos portugueses que ían a adorar a tumba do Apóstolo. Ó chegar aquí xa eran claramente visibles as torres

da catedral, que lles quedaba ó fronte do seu camiño, polo que pasou a ser coñecida como a estrada de Compostela.

Deste lugar de A Estrada hai numerosa documentación que fala das peregrinacións, como a cita de 1923 do autor Pedro Varela, que di:

“...circulaban con frecuencia nutridas peregrinaciones portuguesas que iban a orar ante la tumba del Apóstol, Patrón de las Españas, y se cobijaban para descansar en unos soportales adyacentes a la Capilla advocación del Espíritu Santo”.

O que sí se perderon foron antigas construcións como a ermida do Espírito Santo. A mesma sorte correu a igrexa de Figueroa, que tiña gravadas en pedra dúas conchas de vieira. A capela da Virxe Peregrina foi derrubada no ano 1882.

Como acontecemento afirmar que na igrexa de San Paio da Estrada se venera a Virxe do Camiño. Igrexa que permanece aberta e pode ser visitada polos peregrinos.

Da Estrada o Camiño transita polas parroquias de Toedo, Baloiira, Santa Cristina e couso para deixar a provincia de Pontevedra e internarse na de A Coruña a través da ponte (BIC) de Pontevea. Camiñando polo concello de Teo e rematar en Santiago de Compostela.

OUTROS DATOS DE INTERESE

26 de setembro 2023. A Deputación de Pontevedra mostra o seu apoio a proposta conxunta dos concellos de Salvaterra, Pontearreas, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade e A Estrada, para solicitar a Xunta de Galicia a declaración do Camiño Taverneiro como Vía Cultural. No acto participou, Nava Castro, deputada provincial de Turismo e alcaldesa de Pontearreas; Jorge Cubela, alcalde de Cerdedo-Cotobade e deputado provincial de Cooperación, así como Marta Valcarcel, alcaldesa de Salvaterra de Miño; Xosé Luciano Otero, alcalde de Pazos de Borbén; Andrés Díaz, alcalde de Ponte Caldelas e Juan Manuel Constenla, tenente de alcalde do concello da Estrada.

A finais de novembro de 2023 a Deputación Provincial de Pontevedra avanza na declaración do Camiño Taverneiro como Vía Cultural. A Deputada de Turismo Nava Castro, presenta en Patrimonio un estudo previo necesario para obter esta declaración. .


Busca o seu recoñecemento por parte da Xunta de Galicia como Vía Cultural.

Preséntase o día 25 de xaneiro en Madrid co gallo da feira mundial de turismo Fitur 2024. Onde estreará o seu logotipo, no estand de Galicia, coa presenza da Diputada Provincial de Turismo Nava


Castro, Alcalde de Cerdedo- Cotobade, Jorge Cubela e o Presidente da Asociación Codeseda Viva, Carlos da Barreira.

Na mesma feira no ano 2025, presentandoo mapa do camiño polo Alcalde de Cerdedo-Cotobade Jorge Cubela, Alcalde da Estrada Gonzalo Louzao e polo Presidente da Asociación Codeseda Viva, Carlos da Barreira.

PILAR GOZÁLEZ



Pilar González Agrelo



CÁNDIDO PAZOS

Imagen inédita
de la Catedral
de Santiago



DEIXEMOS

Deixemos as nosas doenzas
e as nosas preocupacións.
Voltemos os ollos cara El

Vaiamos polos seus sendeiros.
Ainda que non sexan doados.

E se hai que chorar,
choraremos o seu carón.

E cargaremos cunha sonrisa
iso que molesta.

Sen queixumes,
coma se non pesara.

Míranos Xesús.

Sol Cabezuelo Espinosa



CRUZ SANTA

MARCHA DE PROCESIÓN

A chegada da Semana Santa MMXXV coa súa preliminar misa de Confrades e coas músicas solemnes conmemoran á vez os 10 anos do nacemento da Confraría da Santa Cruz.

Neste ano Xubileu Ordinario destinado á Esperanza decidín presentar a miña primeira marcha de procesión. Unha partitura dedicada á Confraría da Santa Cruz da Estrada pola súa traxectoria in crescendo que cada ano catívanos cos seus costumes polas rúas da Vila.


A marcha que levaba anos entre os meus bosquexos será interpretada e estreada estes días pola Banda de Música Municipal da Estrada baixo a batuta do mestre Álvaro Varela Ferradáns.

A obra presenta unhas sinxelas melodías que quixen escribir por e para as persoas que viven e senten estes días os pasos procesionais. Ademais, non quero esquecerme dos seus directivos e membros actuais ou de quen pertenceu e colaborou dunha maneira ou doutra desde os primeiros días ata a actualidade.

A todos eles, agradezo o apoio que depositan en min para coa miña música, querendo oír, interpretar ou estrear o meu repertorio asiduamente.

Sit fabula musica

Simón Couceiro Riveira





CASAS RURALES • PAZOS
BODEGAS • CATERING



986 180 346 | 674 486 405
C/ Gradín 47 - A Estrada



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA



Confraría
da Santa Cruz



XUNTA
DE GALICIA

